


## Actividade de control do sopro.

Esta actividade ten como obxectivo traballar o sopro, para isto propómoslle un xogo onde o alumno terá que regular a forza coa que solta o aire pola boca, simulando así a sensación que ocorre cando falamos.

Para esta actividade o alumno terá que realizar primeiro un barquiño de papel. É probable que neste paso o alumnado necesite axuda, aínda así eu déixolle unha imaxe onde explica como realizalo e un enlace a un vídeo onde explica como elaboralo paso a paso. (Só se necesita un folio)



Enlace: [https://www.youtube.com/watch?v=VeHK\\_1rujQU](https://www.youtube.com/watch?v=VeHK_1rujQU)

Unha vez feito o barco de papel podemos dicirlle aos alumnos que o decoren, que lle poñan o seu nome e algún número como acontece nas carreiras de verdade.

Cando xa teñamos preparado os nosos barcos necesitamos un recipiente onde poidamos poñer o barco para que flote, podemos aproveitar certos momentos do día como o baño na bañeira ou directamente nun recipiente de cociña certamente amplo.

Finalmente pedirémoslle ao alumno que vai soprando para que o barco se mova, é importante que lle digamos que debe coller o aire polo nariz e que o vaia soltando pola boca. Neste paso poderemos ir variando de exercicio pedíndolle primeiro sopros moi longo e lentos e outras veces sopros moi curtos e rápidos.

Podemos aproveitar este tipo de actividades por exemplo para facer carreiras entre varios participantes ou cronometrar o tempo e ver así como de rápidos somos capaz de facelo. Estes pequenos trucos permitirán que a actividade sexa máis lúdica e motivadora.